

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 22 DE MAIO DE 1995.

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadaiva o día vintedous de Maio de mil novecentos noventa e cinco; ás doce da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebra-la sesión extraordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez, e Don Xosé Prieto Pérez.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación do borrador da Acta da sesión, que foi a celebrada o día 16 de Maio pasado.

2.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Da Farmaceutica titular, resultados das análises mínimas das augas potables de consumo público de Ribadavia e San Paio.

Da Farmaceutica titular, partes semanais de cloración de augas de abastecemento de consumo público de Ribadavia e San Paio.

4.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a

aprobación da segunda certificación das obras de remodelación e transformación da Escola de Francelos, por un importe total de 7.219.426 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación da memoria de actuación da Praza Laxas de Francelos.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación da memoria do Embarcadoiro na confluencia Avia-Miño.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura relativa ó quilometraxe presentado por Don José Manuel Deaño Carballal, correspondente ó mes de Abril pasado, por un importe de 16.128 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la memoria realizada polo Enxeñeiro, Don Xosé Luís Sousa López, xustificativa dos investimentos a efectuar por remanentes de crédito correspondente a baixa presentada polo contratista da obra: " Instalacións de Alumeado Público no Concello de Ribadavia".- A obra proxectada inclúe a instalación do alumeado público no entorno da Igrexa de Santo Domingo e da Capela da Virxe do Portal.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o contrato de servizos presentado pola empresa CAVERU S.L., entidade organizadora de XXXII Feira do Viño do Ribeiro que asceñe a 3.300.000 pesetas pola organización da Feira do Viño 1995 e 475.000 pesetas pola organización do I Salón Agroalimentario Artesanal, ditas cantidades serán aboadas polo Concello no momento que se reciba a subvención correspondente da Consellería de Agricultura.

E sendo as doce e media da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.